



A presidenta do Parlamento desexa "moito éxito" ao novo titular do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para exercer unha función "moi difícil"

PILAR ROJO RECIBE AO PRESIDENTE DO TSXG E VINCULA O FUNCIONAMENTO DA XUSTIZA COA CALIDADE DA DEMOCRACIA

- **A presidenta da Cámara autonómica tamén se reuniu co Valedos do Pobo, que lle fixo entrega do Informe de 2008 desa institución**

Santiago, 26 de maio de 2008.- A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo Noguera, recibiu este mediodía no seu despacho a visita institucional do presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Miguel Ángel Cadenas, ao que lle desexou "moitos éxitos na función que ten encomendada, que é moi difícil".

"Todos sabemos que a Xustiza é un dos piares da sociedade democrática, e canto mellor funcione a Xustiza mellor vai ser a calidade da nosa democracia", afirmou Rojo Noguera ao remate da reunión.

Pilar Rojo aproveitou o encontro para ofrecer ao presidente do TSXG a colaboración do Parlamento de Galicia nos ámbitos susceptibles de desenvolver iniciativas conxuntas entre as dúas institucións.

Previamente, a presidenta do Parlamento recibiu ao Valedor do Pobo, Benigno López, que acompañado dos vicevaledores, lle fixo entrega do Informe desa institución correspondente ao exercicio de 2008.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACION DO PARLAMENTO DE GALICIA